



O autobús sempre para en Teis

Gonzalo Amoedo López



GONZALO AMOEDO LÓPEZ

(Redondela, 1959).

Policía local no concello de Redondela. É autor ou coautor, entre outros, de Don Juan Manuel Pereira de Castro, paralelismos con don Juan Manuel de Montenegro (R. Cuadrante, 2001); A prensa en Redondela, aproximación histórica 1883-1993 (Xerais, 2001); Redondela, crónica dun tempo pasado; A Segunda República e o primeiro franquismo (E. do Castro, 2002); Arredor de nós. Historia da Policía local de Redondela 1863-2000 (2003); A taberna de Nador (2004); Memorias de

Manolo Barros. Autobiografía dun militante comunista (Fundación 10 M, 2006); Episodios de terror durante a guerra civil na provincia de Pontevedra. A illa de San Simón (Xerais, 2007); Unha historia que ninguén contara no libro Palabra por Palabra. Contos da Policía (Ir Indo); autor de guións para documentais, colaborador habitual en prensa e membro da Fundación Lois Peña Novo.

Subvenciona:



Publica:



Coa colaboración:



© do texto: Gonzalo Amoedo López

© da edición: AFNLG

Coordinación: Carme Vaquero
Xosé González

Fotografía e deseño: Pío García

Edita:



Imprime: Artes Gráficas Litonor

Deposito legal:C4088-2009

galeguizar galicia


Ocorre as máis das veces que os viaxeiros van ollando a paisaxe, pero sen descifraren as causas, historia e circunstancias que a definen. Adóitase dicir —non é máis ca unha frase feita— que o viaxar arrequece a cultura. Iso depende. Se nos fiamos dalgunhas enquisas feitas sobre o coñecemento que os galegos temos do noso medio, a conclusión é ben distinta: vivimos nun País que non valoramos dabondo, porque o descoñecemos.

Otero Pedrayo, que tivo que viaxar moito nos coches de liña, tiña por costume ilustrar o seu acompañante de todo o que os seus ollos albiscaban, de preto e de lonxe. Din os que gozaron da súa compañía naquelas demoradas viaxes polas estradas galegas que era unha regalía poder coñecer “sobre a marcha” todo o que quedaba fóra da xanela do autobús.

Relatos da Paisaxe pretende poñer ao alcance dos viaxeiros das empresas asociadas en Trabivus Noroeste unha primeira entrega de relatos literarios e á vez descritivos, que contribúan a coñecer máis os accidentes xeográficos, monumentos, tradicións, etc., que salfiren a nosa contorna. A suma de todos eles fan parte da nosa cultura, relatada en lingua galega, que resoou, resoa e resoará nos escenarios que se van sucedendo nas viaxes que se fan percorrendo as estradas.

A Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia e mais a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia poñen nas súas mans unha pequena colección de relatos escritos para esta acción por diversos autores, coa finalidade de divulgar e fomentar o uso da lingua galega.

Xoaquín Monteagudo Romero
Presidente da AFNLG



Gonzalo Amoedo López

O autobús sempre para en Teis



O vinte de maio de 1976, ás nove e trinta minutos da mañá e na céntrica praza das Tres Luces de Redondela, con puntualidade... galega, o autobús procedente de Pontevedra con destino a Vigo detíñase na parada. Soben ao seu interior dous mozos dunha idade comprendida entre os dezaseis e os dezaioito anos, unha moza algo máis nova, unha parella de entre corenta e cincuenta anos que aparentaba matrimonio, pois case nin se tocaron durante o traxecto, un vello desagradable que non facía máis que meterse coas mulleres coas que se atopaba, mentres se apoiaba nun paraugas á maneira de caxato, e unha viúva aínda nova, vestidiña de negro, de aceno serio e ollos cansos de tanto chorar.

Dentro había outros vinte viaxeiros, procedentes un do Monte do Cuco (entre a entrada do pazo de Agrelo e a barroca capela de Santa Mariña), outro do Empalme (así lle chaman ao cruce que vai dar ao Viso e á ermida da Peneda, fermoso e histórico miradoiro de toda a ría), outro do Alto de Cesantes, concretamente daquela subida que vai dar ao outeiro das Penas, dende a que o viaxeiro pode ollar a praia do Arco ou d'Ostrás, como lle chamaban de antigo, ou as veciñas illas de San Simón e Santo Antón; tres do lugar do Pazo, en Soutoxuste, topónimo que lembra a vella presenza dun pazo do que só quedan restos da torre, outros catro da ostreira e hostaleira Arcade, vila que daquela deixaba ver no nacente da ría as pequenas illas Alvedosas; dous do que algún día foi concello e hoxe parroquia da capital: Pontesampaio, iso sí, co pedigree que lle dá o posúen unha vella e fermosa ponte medieval na que aconteceu unha decisiva batalla para botar os franceses e afrancesados de Galicia; un de Paredes, na entrada do camiño que leva ás vellas salinas romanas; un de Salcedo, a parroquia na que dende 1928 ten acubillo a Misión Biolóxica de Galicia, beneficiosa instancia para o agro galego, e o resto da propia boa vila pontevedresa, onde inicia-





ra a súa andaina o autobús, unha vila que soubo manter o seu vedraño aspecto e conservar un halo romántico nas súas rúas e prazas, na súa basílica de Santa María, nas ruínas do vello convento de Santo Domingo ou na alameda e nos edificios que a rodean.

Hei de dicir que doce daqueles viaxeiros eran mulleres e o resto homes, e hei de facer notar que ningún se diferenciaba dos demais, como non fose un home de descomunal nariz que tapaba a cabeza cun gorro de pel con orelleiras, unha muller que fumaba tabaco francés e levaba os beizos pintados de vermello intenso ou outro home moi gordo, que pitaba de continuo ao respirar, como se fose unha daquelas vellas máquinas do tren a carbón.

Fora do autobús o día presentábase frío e moi feo, de forma incomprendible para aquela época do ano. A temperatura era de quince graos, a humidade dun oitenta e cinco por cento e a presión atmosférica de novecentos oitenta milibares, ameazando con comezar a chover sen parar cando cesase o vento do norte, que daquela parecía divertirse xogando coas pólas das árbores, as follas, os paquetes de tabaco baleiros tirados pola rúa, as persoas miúdas ou a saia dun cura de aspecto preconiliar que pasaba por alí.

Dentro todo aparentaba máis amable, comezando pola temperatura e proseguindo, obviamente, pola ausencia do vento, da choiva e do ruído. O condutor, un home de aceno serio e distante, beizos estreitos, fraco, moi fraco, e provis-



to co que poderíamos denominar unha cella única, semellaba demasiado inmerso no seu traballo como para latricar con ninguén, como tiña que ser, e os pasaxeiros que xa estaban no interior antes desta parada aparentaban estar máis preocupados en rillar as súas propias existencias que en establecer contacto cos que subían. Todo aparentaba, pois, dunha normalidade absoluta.

Conforme subiu o último pasaxeiro, pagou o billete e o condutor lle devolveu o cambio, o autocar, como empurrado polo díaño, pareceu poñerse a botar fume de carozo rumbo ao

estreito de Vilavella, pasando xusto por baixo do vello viaduto de Ourense, un trebello deseñado cen anos atrás por un alumno do mesmo Eiffel, mágoa que daquela xa comezasen a cercalo de edificios case tan altos coma el mesmo!, para pasar axiña por diante do vello convento das Xustinianas e dos dous frontóns do vello Camiño Real e poñer, deseguido, rumbo a Vigo.

Entrementres sucedía todo isto, o vello sentou a rente dunha mocíña de Salcedo para, logo dunha breve presentación non solicitada, comezar a interrogala descarada e inoportunamente, ao tempo que acendía os restos do que fora un xaruto pestilente que axiña impregnou todo, provocando unha molesta e persistente tose na moza.

A desconsolada viúva situábase case ao final do autobús, soa e sempre mirando cara a fóra, como manifestando un mudo pero inamovible interese en pasar desapercibida ou contemplar a paisaxe. Ao tempo, o matrimonio sentou máis ou menos pola metade e retomaron o fío dunha conversa anterior, posiblemente falando dalgún fillo. Os mozos, cada un no seu propio mundo, sentaron na derradeira fila e comezaron a ollar para as súas carpetas e libros, delatando que o seu oficio era o estudo ou, cando menos, iso pretendían aparentar. O máis vello, máis moreno e alto, ben





abrigado cun xersei de la de cores vermellas e negras e un pantalón de pana de cor marrón, parecía máis afeito a aquel ambiente e aproveitaba, de cando en vez, para escudriñar ao seu arredor cun aire de rato resabiado, ollando e tratando de

escoitar as conversas dos demais, mentres o outro, máis novo e menos desenvolvido, vestido cunha camisa azul, un xersei marrón e un pantalón da mesma cor, semellaba máis ocupado en manter unha conversa consigo mesmo que o levaba, unha e outra vez, a traer ao seu maxín a absurda idea de que, a pesar de ser un día moi especial para el, estaba afogado nunha inmensa tristura que non tiña solución.

Fóra comezou a chover e os cristais enchéronse cun bafo que axiña impediu contemplar nada, mentres o condutor sacaba un vello trapo para limpar o parabrisas, ao tempo que un pesado can negro atravesaba sen moito convencemento por diante do autobús, obrigándoo a frear violentamente.

O vello desagradable emitiu un son inintelixible mentres o xaruto se lle metía literalmente dentro da boca e se lle apagaba, queimándolle os beizos e o padal, provocando unha gargallada na mociña que compartía asento con el, ben ao seu pesar, mentres un neno acabado de nacer que viaxaba no colo da súa nai comezaba a chorar cun pranto que semellaba sen fin e a viúva deixaba de ollar cara a fóra, para preocuparse, finalmente, polo que sucedía ao seu arredor.

Ao pouco, ao chegar á parada existente xunto ao cruzamento coa estrada da estación do ferrocarril, ben próxima do que algún día fora a antiga, dous novos viaxeiros déronlle o alto ao autobús. Un deles era un home cego e vestido cunha gabardina azul mariña, que portaba unhas lentes negras e redondas e levaba un bastón na súa man esquerda. A súa compañía era unha mociña que semellaba non ter máis dos quince anos. Ía vestida cun xersei rosa, unha saia plisada e unha gabardina, e levaba un paraguas no que podían recollerse os dous.

Xulio Marcos, que así se chamaba o máis tímido daqueles dous mozos de que se falou antes, cumpría dezaseis anos naquel día. Ben ao seu pesar, a súa nai non lle prestara a menor



atención cando lle dixera de non ir naquela ocasión á maldita Escola Náutico Pesqueira. Andar lacazaneando para non ir só lle valeu para levar unha boa reprimenda e, finalmente, coller un autobús que non se correspondía co que tomaba normalmente.

O certo era que o que menos lle preocupaba era o seu aniversario. Preferiría quedar no cuarto, compadecéndose de si mesmo, pero non por cumprir anos senón por ser incapaz de comprender como aquela moza da que estaba namorado, uf, media vida, tanto tempo!, escollera días atrás a aquel langrán en vez de a el, que dende o colexio non cesaba de lle enviar

miradas furtivas ou escribirlle versos, e pouco máis, a non ser o quedar de pasmón ao seu paso, mentres ela, sabedora da situación, lle daba celos precisamente cun calquera. “Que complicadas son as mulleres!”, pensou.

Xulio Marcos seguiu matinando que aquel puidera ser un bo aniversario se a súa nai o deixase no cuarto, onde podería deixarse levar polo rumor do vento nas follas e pola contemplación da paisaxe que ollaba dende a fiestra, pegadiña á marisma, pero finalmente non tivo outra opción se non quería pasar o día castigado e, o que era mil veces peor, agardando polo castigo do seu pai cando chegase a casa, así que, ben ao



seu pesar, non tivo máis remedio que sacudir as sabas e o sopor de namorado non correspondido e acudir a clase, incluso nunha xornada tan especial.

O autobús continuou a súa marcha, pasando polo alto de Cedeira, deixando á súa esquerda o camiño que vai dar ao pazo de Torrecedeira e á igrexa parroquial, unha fermosa obra barroca da autoría de Casas y Novoa. De alí baixou cara

a Monterroso, vella herdade señorial tapada desgraciadamente polas acacias e a maleza, hoxe máis ca daquela, pero aínda permitindo ollar dúas columnas de pedra labrada e unha escaleira tamén de pedra que leva á casa, aló nun outeiriño, mirando á enseada de San Simón. Despois, o autobús che-







gou ao barrio da Formiga, deixando á súa dereita a baixada que leva á Regasenda, ao vello peirao e fábrica de Mañas, un fermoso recanto para contemplar a enseada en todo o seu esplendor, para deseguido pasar diante dunha entrada que, pola esquerda, vai dar en empinada costa ao Coto do Coello, un sublime e descoñecido miradoiro sobre case toda a ría. Logo, apareceu o barrio de Rande, iniciado na espléndida casa balastrada dos Ponce de León, e proseguido a rente da vía do tren, xusto diante do vello cargadoiro do mineral en desuso e por diante da baixada á pequeniña praia dese nome. Máis tarde sucedeu na vista dos viaxeiros o barrio de Cabanas, acubillo por entón da taberna do Canario, un lugar enxebre no que as cuncas de viño tinto eran servidas co polgar por dentro mentres os pitos voaban por riba das mesas. Cabanas, por moito que a xente o ignore, é o verdadeiro asento da inmensa ponte que atravesa a ría dende Domaio e remata case no alto da Concheira, xusto onde comeza a industriosa parroquia de Chapela e a ría comeza a amosarse moito máis aberta, camiño das illas Cíes.

Ás veces subía xente, outras baixaba. Nada especial sucedeu durante o traxecto, a non ser o normal deambular dos coches, algún adiantamento, un can fuxindo cuns chourizos perseguido por un home que corría tras súa cun mandilón branco, e os atrancos das obras da ponte que se estaba a construír daquela, para cruzar a ría. Casualmente, ao chegar ao alto da Concheira, acubillo dunha vella capela desaparecida e dun soberbio cruceiro que aínda sobrevive, amais de lugar venerado polos republicanos de hoxe como sitio de triste memoria, Xulio Marcos pareceu albiscar unha raiola de sol aló ao lonxe, na beira do Morrazo, despois de Moaña e Cangas, xustiño pousando onde se erguía a vella arquitectura industrial modernista de Massó, en Punta Balea, como se fose a premonición de que algo ía mudar ben pronto.



O autobús cruzou toda Chapela, deixando na súa dereita a baixada de Pescanova e tamén o veterano local da reivindicativa Sociedade Agraria da parroquia, convertido en mercado despois da guerra. Logo viría a derradeira parada chapeleira, nas Catro Pontes, antes de entrar na parroquia de Teis, onde baixou un dos viaxeiros que proviñan de Soutoxuste e entrou un diminuto ser vivo que pousou, medio amorriñado, no respaldo dun dos asentos, para dende alí botarse a voar dun lado para o outro ata parar (mentres o autobús chegaba ás

Sete Torres, un soberbio chalé de pedra no que servían vodas) no asento do vello ao que nos referimos anteriormente, e por alí quedou, voando arriba e abaixo unha e outra vez, ata que, superado o cruce que vai dar ao parque da Guía e logo o vello mercado de Teis, xustiño onda a igrexa dos xesuítas, a mociña que acompañaba o cego tímbrou para dar parada ao condutor, cruzando entón unha mirada de esguello con Xulio Marcos.

Ao abrirse a porta traseira para que baixasen o cego e a moza, entrou a choiva e o vento cunha forza inusitada, mollando aos que se encontraban próximos á porta, e a abella, que iso e non outra cousa era o insecto que voara polo autobús adiante ata dar co vello, craváballe o seu aguillón no pescozo.





O cego, ao baixar as escaleiras escoitou o que, nun exceso non exento de burla, poderíamos denominar bramido saído da gorxa do vello, e asustouse, e ao asustarse pisou mal, e ao pisar mal caeu por riba da súa acompañante e os dous bateron na rúa mollada, mentres o Xulio Marcos, sen reparar nin por un instante en que aquela non era a súa parada, pegaba un chimpo fóra do autobús, como un vulgar heroe dos cómics, mentres este se puña en marcha.

A carpeta e os libros quedaron dentro, pero Xulio Marcos emperrouse, como só pode facelo un home feito e dereito á vella usanza, e conseguiu poñer en pé primeiro ao cego e logo á moza, recibindo o agradecemento dun mentres a outra, só un chisquiño despois, lle dedicaba unha mirada de admiración.

—Son Lola —díxolle en voz baixiña e nun aparte brevísimo, que soou a telegrama urxente—. Todos os días collo o autobús á mesma hora e no mesmo sitio, co meu tío.

A rapaza e o tío, repostos do susto, proseguiron o seu camiño e Xulio Marcos quedou mirando para ela cun leve sorriso que, pouco a pouco, se foi abrindo máis e máis, ao contemplar como Lola volvía a cabeza cara a atrás, sorríndolle, ata desaparecer da escena unha vez dobrada a esquina que os levaba ata o mosteiro das Salesas que deseñara Antonio Palacios, por riba do vello Areal dos cataláns, hoxe desaparecido.

Xulio Marcos, mollado da cabeza ata os pés, pensou para si que aquel xa non era un día triste, e que ben merecera a



pena o deixarse estar na cama un chisquiño máis, por ver aquela raiola de sol que viñera na súa procura. De repente tivo a estraña sensación de estar en harmonía consigo mesmo e da súa cabeza desapareceu o pesar que levaba tanto tempo a lle dar voltas.

Nese instante todo lle pareceu perfecto, a suavidade da luz, o lixeiro perfume do aire daquela mañá que ata pouco antes lle parecera triste e gris, o pausado rumor da cidade que só deixaba escoitar o caer da choiva, os pasos das xentes batendo contra a baldosa e a auga correndo e o rumor xordo dos motores. E inspirou ben fondo mentres naquel momento, o mesmo no que cumpría dezaseis anos, a vida lle parecía tan sinxela e transparente que un arrebatado de amor polos demais, parecido a un desexo solemne de axudar a toda a humanidade, o invadía e o enchía como se fose un fol cheo de música disposta a saír da gaita. Acababa de coñecer a que ía ser a muller da súa vida... durante algún tempo. A ver como lle contaba a súa nai que perdera os libros, as carpetas e as clases! Seguro que non lle ía crer nadiña. Que cousas pasan no autobús!, diríalle incrédula.